



## **CONCELLO DE POIO**

Praza do Mosteiro núm. 1.  
36995. Poio (Pontevedra).  
Ref. M/C

E-mail: [mercedes.cochon.lopez@concellopoio.com](mailto:mercedes.cochon.lopez@concellopoio.com)

### **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, NÚMERO CATROCENTOS SESENTA E OITO REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACIÓN O DÍA TRINTA E UN DE XANEIRO DE DOUS MIL DOCE.**

Na Casa Consistorial de Poio, ás dezanove horas e trinta e cinco minutos do trinta e un de xaneiro de dous mil doce, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coas asistencias dos Srs/as. Concelleiros/as D. Xosé Luis Martínez Blanco, D<sup>a</sup>. Silvia Díaz Iglesias, D<sup>a</sup>. Margarita Caldas Moreira, D<sup>a</sup>. María Alicia Martínez González, D<sup>a</sup>. Lidia Salgueiro Piñeiro, D. José Angel Lodeiro Cancela, D<sup>a</sup>. María Consuelo Besada Lores, D. Gregorio Luís Agís Gómez, D. Javier Domínguez Lino, D<sup>a</sup>. Celeste Nieto García, D. Angel Moldes Martínez, D. Juan José Rodríguez Grandal, D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> del Mar Villaverde Rosales e D. Manuel Domínguez Álvarez; escusa a non asistencia á sesión plenaria a Interventora Municipal D<sup>a</sup>. Olga Fernández Rodríguez e asiste como secretaria acctal D<sup>a</sup>. Consuelo de la Peña Costoya. Reuníronse no Salón de Sesións en primeira convocatoria para realizar a sesión ordinaria correspondente ao día de hoxe e para a que foron previamente citados en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

3624.- APROBACIÓN ACTA ANTERIOR DO 27 DE DECEMBRO DE 2011 NÚMERO 467.- De conformidade co establecido no artigo 91.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta á Corporación da acta realizada en sesión ordinaria o día 27 de decembro de 2011 número 467 e non formulándose ningunha observación á acta de referencia esta queda aprobada por unanimidade de asistentes.

3625- ESTADO DE EXECUCIÓN DOS ASUNTOS PRECEDENTES.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do estado de execución dos asuntos precedentes e que son os que seguen: "3619.- RATIFICACIÓN ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 19 DE DECEMBRO DE 2011, NÚMERO 9867, ACORDO MARCO DA COMISIÓN BILATERAL DO 18 DE NOVEMBRO DE 2011 ENTRE O MINISTERIO DE FOMENTO E A XUNTA DE GALICIA RELATIVO ÁS ÁREAS DE REHABILITACIÓN INTEGRAIS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PLAN ESTATAL DE VIVENDA 2005-2008 E REHABILITACIÓN 2009-2012.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse ao Instituto Galego da Vivenda e Solo; 3621.- INFORME TRIMESTRAL CONXUNTO DE INTERVENCIÓN E TESOURERÍA, RELATIVO AO CUMPRIMENTO DA LEI 15/2010 DO 5 DE XULLO, DE MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, deuse traslado ao Departamento de Intervención e remitiuse ao órgano competentes do Ministerio de Economía e Facenda e ao órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia que ten atribuída a tutela financeira da Entidade Local; 3622.-ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN EN RELACIÓN AO EXPEDIENTE DE DESAFECTACIÓN PARCIAL TERREOS DE DOMINIO PÚBLICO NA REIBOA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e ao Servizo de Costas en Pontevedra; 3623- DECLARACIÓN

INSTITUCIONAL 2012, ANO 40 ANIVEREDARIO DA DECLARACIÓN DE COMBARRO COMO “CONXUNTO HISTÓRICO Y PINTORESCO”.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao Departamento de Cultura.”

A Corporación dáse por enterada.

3626.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DESDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta das resolucións da alcaldía desde o último pleno ordinario e que estiveron a disposición dos/as concelleiros/as xunto cos demais asuntos que forman parte da orde do día e non formulándose observación ningunha a corporación dáse por enterada do contido das mesmas.

*Neste momento entran no Salón de Sesións os Concelleiros D. Xulio Barreiro Lubián e D. Alberto Villaverde Méndez.*

3627.- INTERVENCIÓN, RECOÑECIMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITO NÚMERO 1/2012.- Dáse conta á Corporación do expediente tramitado polo Departamento de Intervención e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas realizada en sesión ordinaria o día 16 de xaneiro de 2012 e que di o que segue: “Dáse conta do expediente e da Proposta da Alcaldía de data 12 de xaneiro de 2012 na que se propón o recoñecemento extraxudicial de crédito nº 1 do exercicio que consta de facturas que ascenden a un total de 554.451,05 euros e do informe da Intervención Municipal de data 12 de xaneiro de 2012.

A interventora municipal explica o contido do expediente indicando que con cargo aos créditos do Estado de Gastos de cada Orzamento só poderán contraerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e demais prestacións ou gastos en xeral que se realicen no ano natural do exercicio orzamentario; por outra parte, a Lei de Facendas Locais permite a aprobación das obrigas derivadas de compromisos de gastos debidamente adquiridos en exercicios anteriores previa aprobación do expediente polo Pleno da Corporación por maioría simple. No presente caso o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos comprende facturas correspondentes o exercicio 2011 pendentes de aprobación por falta de crédito por importe total de 554.451,05€; estas facturas son obxecto de reparo suspensivo por realizarse os gastos no exercicio 2011 sen existir crédito para a súa aprobación e contan con crédito no orzamento prorrogado do exercicio 2011 vixente no día da data.

O Sr. Domínguez Lino quere manifestar que o seu grupo político vai votar en contra da Proposta da Alcaldía xa que, como a interventora, son obrigas comprometidas sen crédito correspondente e o que queda.

A Comisión por 5 votos a favor do BNG e PSOE, ningunha abstención e 3 votos en contra do PP acordou ditaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a adopción dos seguintes acordos: 1º) Levantar o reparo suspensivo formulado pola interventora municipal no seu informe relativo a existencia de facturas para as que non existía crédito para a súa aprobación no seu exercicio orzamento 2011 as cales figuran na relación que obra no expediente por importe de 554.451,05 euros 2º) Aprobar o recoñecemento extraxudicial dos créditos que figuran na relación que se xunta, por importe total de 554.451,05 euros, correspondentes aos exercicios anteriores e 3º) Aplicar con cargo ao orzamento prorrogado do exercicio 2011, vixente no exercicio 2012, os créditos mencionados con cargo as aplicacións que corresponde nas cales se efectuou a correspondente retención de crédito.”

Non producíndose debate ningún e sometido a votación o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda este resulta aprobado polo Pleno da Corporación por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), o que supón a maioría absoluta, 7 votos en contra do PP e ningunha abstención adoptándose o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Levantar o reparo suspensivo formulado pola interventora municipal no seu informe relativo á existencia de facturas para as que non existía crédito para a súa aprobación no seu exercicio orzamento 2011 as cales figuran na relación que obra no expediente por importe de 554.451,05 euros.

**Segundo.-** Aprobar o recoñecemento extraxudicial dos créditos que figuran na relación que se xunta, por importe total de 554.451,05 euros, correspondentes aos exercicios anteriores.

**Terceiro.-** Aplicar con cargo ao orzamento prorrogado do exercicio 2011, vixente no exercicio 2012, os créditos mencionados con cargo as aplicacións que corresponde nas cales se efectuou a correspondente retención de crédito.

3628.- MOCIÓN EN RELACIÓN AO PECHE DAS FARMACIAS DE GARDA, EN HORARIO NOCTURNO, NO TERMO MUNICIPAL DE POIO.- Dáse conta á Corporación do expediente tramitado a instancia do Grupo Municipal do BNG e do PSOE mediante moción presentada no Rexistro Xeral o día 12 de xaneiro de 2012 en relación coa supresión das gardas de farmacia no termo municipal de Poio que contén unha exposición de motivos e remata solicitando a adopción dos seguintes acordos 1º) Instar á Xunta de Galiza a que utilice as súas competencias para que na reorganización que se realice das gardas nocturna das Oficinas de Farmacia se garanta o servizo en todos os concellos galegos. 2º) Comunicar este acordo ao Presidente da Xunta de Galiza e ás portavocías dos grupos parlamentarios do Parlamento Galego.

Dito expediente foi sometido á consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na sesión realizada o 16 de xaneiro de 2012 ditaminándose favorablemente pola unanimidade dos asistentes na sesión.

Antes de proceder á votación da moción presentada, o Sr. Domínguez Lino expón que no parágrafo 5 do ditame da Comisión de Facenda contén un erro no nome da manifestación, xa que a intervención corresponde ao Sr. Martínez Blanco. O que estando presente na sesión a recolle como del.

Non suscitándose debate ningún e sometido a votación o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda este resulta aprobado polo Pleno da Corporación por 17 votos a favor, sendo este o seu número legal de membros, adoptándose o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Instar á Xunta de Galiza a que utilice as súas competencias para que na reorganización que se realice das gardas nocturna das Oficinas de Farmacia se garanta o servizo en todos os concellos galegos.

**Segundo.-** Comunicar este acordo ao Presidente da Xunta de Galiza e ás portavocías dos grupos parlamentarios do Parlamento Galego.

3629- URBANISMO, EXP. 503/11, MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM DO CONCELLO DE BARRO.- Dáse conta do expediente tramitado polo Departamento de Urbanismo e dos informes emitidos pola Arquitecta Municipal, Asesor Xurídico do Concello, Secretaria Xeral e que son os que seguen:

Informe emitido pola Arquitecto Municipal que di textualmente: “Asunto: modificación puntual do PXOM do Concello de Barro

Obra:

Situación: Barro

Interesado/a: Concello de Barro

Expediente: 503/11

Logo de ver o oficio remitido polo alcalde-presidente do Concello de Barro o 26/12/2011 (entrada no Rexistro núm. 6938) ao respecto da modificación puntual do PXOM dese concello e do ISA, a técnico municipal emite o seguinte informe: ANTECEDENTES

O Alcalde do Concello de Barro remitiu para a fase de consultas ás administracións afectadas, segundo o artigo 85º.2) da Lei 9/2002, de 03 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a seguinte documentación:

Documento de aprobación inicial da modificación puntual do PXOM do Concello de Barro, redactado polo equipo Arnaiz Consultores SL en novembro de 2011, que inclúe o ISA.

#### CONSIDERACIÓNS TÉCNICO-XURÍDICAS

Segundo se indica no documento, o obxectivo da modificación puntual é:

- Obtención dun viario de novo trazado que conecte os sectores residenciais de solo urbanizable sectorizado previstos no vixente PXOM
- Creación dun equipamento deportivo, adecuando a clase de solo establecida polo PXOM ao uso pretendido con inclusión da ordenación pormenorizada
- Reforma e mellora do parque de San Antoniño, coa previsión de prazas de aparcamento e dun edificio destinado a servizos administrativos do Concello e a centro de día/residencia de anciáns, con vista a fortalecer a súa función como centro social e cultural do núcleo urbano

Na memoria da modificación puntual indícase que a modificación afecta a tres ámbitos nos lugares de Valbón e de Outeiro e no núcleo urbano de Santo Antoniño.

Compróbase que o ámbito das actuacións non afectan ao límite co concello de Poio.

#### INFORME

Polo exposto, informo de que, si ben o Concello de Barro é limítrofe co Concello de Poio, as disposicións do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Poio non se ven afectadas polas disposicións da modificación puntual do PXOM do Concello de Barro e do ISA aprobados inicialmente.”

Informe emitido polo Asesor Xurídico do Concello que dí textualmente: “ Vista a documentación remitida polo Concello de Barro e o disposto na Lei 9/2002, do 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia modificada pola lei 15/2004, de 29 de decembro, e o previsto na lei 9/2006, de 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente e a lei 6/2007, de 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, así como disposto no art. 85 da lei 2/2010, de 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación de la Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística y protección del medio rural de Galicia, teño a ben informar o seguinte:

**PRIMEIRO.-** A Lei 9/2006, de 28 de abril, ten por obxecto promover un desenvolvemento sostíbel, conseguir un elevado nivel de protección do medio ambiente e contribuír á integración dos aspectos ambientais na preparación e adopción de plans e programas, mediante a realización dunha avaliación ambiental de aqueles que poidan ter efectos significativos sobre o medio ambiente, que se elaboren ou aproben por unha administración pública.

No caso de plans e programas cuxa elaboración ou aprobación corresponda ás entidades locais, as actuacións previstas nesta lei corresponderán á administración que determine a lexislación autonómica.

O art. 7 da mesma lei establece que a lexislación reguladora dos plans e programas introducirán no procedemento administrativo aplicable para a súa elaboración e aprobación un proceso de avaliación ambiental no que o órgano promotor integrará os aspectos ambientais e que constará das seguintes actuacións:

- a) A elaboración dun informe de sostenibilidade ambiental (I.S.A.) cuxa amplitude, nivel de detalle

e grao de especificación será determinado polo órgano ambiental.

b) A celebración de consultas ás administracións públicas afectadas.

O procedemento que estableza a lexislación autonómica correspondente para realizar a avaliación ambiental e estratéxica debe asegurar que a avaliación ambiental sempre se realice durante o proceso de elaboración dos plans ou programas e antes da aprobación.

Previndo igualmente esta lei que as entidades locais consultadas **poderán incorporar un pronunciamento expreso acerca do plan ou programa.**

**SEGUNDO.-** En cumprimento da lei citada no apartado anterior a Xunta de Galicia aprobou Lei 6/2007, de 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, que entrou en vigor o 17 de maio de 2007, dedicando o capítulo segundo da lei (arts. 5 ao 8) a regular o procedemento e os instrumentos de ordenación aos que son aplicables as previsións de avaliación ambiental e estratéxica esixida pola lei estatal.

Estando suxeito a este procedemento de avaliación ambiental e estratéxica as modificación do Plan Xeral que aproben as entidades locais.

Establecendo igualmente que o procedemento de avaliación ambiental e estratéxica dos instrumentos de ordenación do territorio ou de planeamento urbanístico **tramitarase simultaneamente co procedemento legalmente establecido para a súa aprobación.**

E indicando que o plan aprobado inicialmente con tódolos documentos que o integran, incluído o informe de sostenibilidade ambiental, someterase simultaneamente as consultas previstas no documento de referencia, entre eles ás entidades locais colindantes co municipio que tramite o plan, tendo estas o prazo de dous meses para alegar o procedente.

A lei 2/2010 no seu artigo 85 establece o procedemento de aprobación destes instrumentos urbanísticos, debendo de darse audiencia ós municipios estremeiros, para que aleguen o procedente sobre a modificación pretendida.

**TERCEIRO:** De conformidade cos preceptos legais citados, o 26 de decembro de 2011, tivo entrada no Concello de Poio o escrito de 2 de decembro de 2011 do Sr. Alcalde do Concello de Barro, remitindo unha certificación do acordo adoptado polo Pleno do Concello de Barro, de data 15 de decembro de 2011, aprobando inicialmente o proxecto de modificación puntual e informe de sustentabilidade, redactado polo equipo Armaiz Consultores S.L.

Con data 09 de xaneiro de 2012 , emítese informe pola Arquitecto Municipal, no que indican que as disposicións do Plan Xeral de Poio non se ven afectadas coa modificación puntual efectuada polo Concello de Barro.

Por todo iso, informo que se debe dar conta da Modificación Puntual do Plan e do Informe de Sostenibilidade Ambiental aprobados inicialmente polo Concello de Barro, ó Pleno do Concello de Poio para o seu coñecemento, previo ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, facéndose constar por esta asesoría que ao non estremar a Modificación Puntual remitida co termo municipal de Poio, non se estima necesario formular ningunha alegación contra o mesmo, por non afectar a Modificación Puntual ás competencias do Concello de Poio, remitíndose o acordo que se adopte ao Concello de Barro para unión ao expediente”

Informe emitido pola Secretaria Xeral do Concello que dí textualmente: “**Asunto: modificación puntual PXOM do Concello de Barro.**

Paula Ramos Díaz, funcionaria de Administración Local con habilitación de carácter estatal, secretaria do Concello de Poio, de conformidade có establecido no art. 3 do Real Decreto 1174/1987, de 18 de setembro, emito o seguinte

#### **INFORME**

##### **1. Antecedentes de feito.**

– Con data 26 de decembro de 2011 ten entrada, número rexistro 6938, escrito do Concello de Barro polo que aprobado inicialmente expediente de modificación do PXOM deste Concello, de conformidade có establecido no art. 85 da Lei 9/2002, do 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGa en adiante), dáse traslado do acordo municipal e documentos aprobados.

– O 9 de xaneiro de 2012 emítese informe pola arquitecto municipal no que se indican as determinacións do instrumento de planeamento xeral obxecto de alteración:

– Obtención dun viario de novo trazado que conecte os sectores residenciais de solo urbanizable sectorizado previstos no vixente PXOM:

“Creación dun equipamento deportivo, adecuando a clase de solo establecida polo PXOM ao uso pretendido con inclusión da ordenación pormenorizada

Reforma e mellora do parque de San Antoniño, coa previsión de prazas de aparcamento e dun edificio destinado a servizos administrativos do Concello e a centro de día/residencia de anciáns, con vista a fortalecer a súa función como centro social e cultural do núcleo urbano”.

Identificados os ámbitos territoriais afectados, Valbón, Outeiro e núcleo urbano de San Antoniño, compróbase que non existe vinculación ningunha co PXOM do Concello de Poio”.

– Consta no expediente informe do asesor xurídico da Corporación de 9 de xaneiro de 2011.

## **2. Consideracións xurídicas.**

### **Primeira.- Procedemento.**

Conforme ao art. 85.2º LOUGA: “O concello que o formulou procederá a súa aprobación inicial e, a continuación, o plan aprobado inicialmente con todos os documentos integrantes do expediente tramitado, incluído o informe de sostenibilidade ambiental, someterase simultaneamente ás consultas previstas no documentos de referencia e ó trámite de información pública durante un prazo de dous meses, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e en dous dos periódicos de maior difusión na provincia. Simultaneamente e durante o mesmo prazo, darase audiencia aos municipios limítrofes. Non será necesario a notificación do trámite de información pública ás persoas propietarias dos terreos afectados”.

Respecto da finalidade do trámite a desenvolver a parece motivadamente descrita no informe do asesor xurídico de 9 de xaneiro de 2011 ao que me remito.

Tal e como se describe nos antecedentes de feito a partir do informe técnico municipal e inclúe igualmente o informe do asesor xurídico, o contido do expediente de aprobación inicial de modificación do PXOM do limítrofe Concello de Barro, non contempla determinación ningunha que afecte en sentido estrito a esta entidade local.

### **Segunda.- Órgano competente e prazo de emisión do informe.**

Pese a non existir referencia expresa na normativa urbanística e pese a cláusula residual de competencias que en favor do Alcalde que establece o art. 21.1º.s) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do Réxime Local e concordante da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, a finalidade propia do trámite a realizar implica a xuízo desta funcionaria, o pronunciamento mediante a emisión de informe polo Pleno do Concello ( art. 22.2º.c) LBRL).”

A Comisión Informativa de Urbanismo na súa sesión realizada o 17 de xaneiro de 2012 informou favorablemente dito expediente.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación por unanimidade de asistentes acordou non formular ningunha alegación contra a modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Barro, por non afectar a mesma ás competencias deste Concello de Poio.

3630.- URBANISMO, PLAN SECTORIAL DE ORDENACIÓN DE ÁREAS EMPRESARIAIS

NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.- O Sr. Alcalde dálle a palabra ao Concelleiro Delegado de Urbanismo D. Xulio Barreiro Lubián o que explica que pola ampliación do prazo de alegacións solicitouse a súa retirada da Comisión Informativa de Urbanismo e proceda a súa retirada na orde do día do pleno polo que de conformidade co establecido no artigo 92.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e á solicitude do Concelleiro Delegado de Urbanismo, polo voto favorable da unanimidade dos membros presentes, retírase o expediente da orde do día coa finalidade de incorporación de novos informes aos expediente previo á súa deliberación e adopción de acordos.

3631.- PATRIMONIO, CESIÓN GRATUITA CENTRO DE SAUDE DE ANAFÁNS AO SERVIZO GALEGO DE SAUDE (SERGAS).- De conformidade co establecido no artigo 82.3º Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sométese a votación a inclusión deste asunto na orde do día por non ser ditaminada previamente por comisión informativa ningunha esta queda aprobada por 17 votos a favor sendo este o número legal de membros.

Dáse conta dos trámites levados a cabo en orde á cesión gratuíta do centro de saúde de Anafáns de conformidade co establecido no Acordo asinado entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP para o desenvolvemento do Pacto Local que rexerá na Comunidade Autónoma de Galicia, na que se recollen entre outros unha serie de actuacións entre as que se atopa a asunción dos custos de mantemento dos Centros de Saúde, actualmente a cargo dos concellos., no que se supeditaba a asunción dos custes de mantemento dos centros de saúde á súa cesión gratuíta.

Non sendo admitida a mutación demanial entre ambas administracións por non atopar previsión na normativa patrimonial autonómica pese ao disposto supletoriamente na Lei 33/2003, de 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas, tramítase previo expediente de desafectación ó abeiro do establecido no art. 8 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais. Aprobado definitivamente dito expediente mediante acordo plenario adoptado en sesión ordinaria celebrada o 22 de febreiro de 2011 e practicada rectificación no Inventario de bens, dereitos e accións desta entidade local, mediante providencia da Alcaldía de 20 de xaneiro de 2012 ínstate o inicio das actuacións contempladas nos arts. 109 e 110 da devandita norma regulamentaria.

Obran no expediente informe de intervención, da arquitecto municipal e secretaria de data 26 de xaneiro de 2012.

Iniciado o debate, plantéxanse diversas cuestións en relación aos terreos circundantes.

Sometida a proposta a votación ordinaria, polo voto favorable dos dezasete membros presentes sendo este o seu número legal de membros, ó amparo do establecido nos arts. 22 e 47.2º da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local e 110 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, o Plano acordou:

**Primeiro.**- Prestar aprobación á cesión gratuíta do ben inmovible edificio con destino a centro de saúde de Anafáns en favor do Servizo Galego de Saúde (SERGAS).

**Segundo.**-Someter o expediente a información pública durante o prazo de 20 días hábiles a contar desde o seguinte ó de publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

**Terceiro.**- De non formularse alegación ou reclamación ningunha durante o devandito prazo entenderase definitivamente aprobada, debéndose remitir a documentación que establece a cláusula 3ª do Convenio asinado á Consellería de Sanidade para a formalización da cesión gratuíta.

MOCIÓNS URXENTES.- Preséntanse as seguintes:

3632.- MOCIÓN CONXUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG E GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA EN RELACIÓN AO ABOAMENTO DAS AXUDAS COMPROMETIDAS ÁS MARISCADORAS.- Previa declaración de urxencia por unanimidade de asistentes de conformidade co disposto no artigo 83 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídicos das entidades locais, pola Secretaria presente na sesión dáse conta da moción presentada no Rexistro Xeral o día 27 de xaneiro de 2012, número 516 en relación ao non aboamento por parte da Consellería do Mar ás mariscadoras das cantidades comprometidas para facer fronte as cotas da Seguridade Social.

As voceiras do Grupo Municipal Socialista e do Grupo Municipal do BNG expoñen que no seu momento estívoe a aboar as axudas as mariscadoras así como as cotas correspondentes á cotización das propias mariscadoras, pero neste momento non se aboan ningunha das cantidades comprometidas e isto repercute negativamente nas mariscadoras cando queiran tramitar a xubilación xa que o que lle conta son os últimos anos cotizados.

O voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular manifesta que o seu grupo vai votar a favor da aprobación da moción porque lles consta que en Poio estanse a dar estes casos pero solicita que se cambie no texto da moción o termo exixir por instar.

Unha vez rematada a quenda intervencións sométese a votación a moción presentada quedando aprobada por unanimidade e adoptándose os seguintes acordos:

**Primeiro:** Instar á Xunta de Galicia que, con carácter de urxencia, abone as axudas comprometidas coas mariscadoras maiores de 65 anos que non teñen cotizado o período mínimo de 15 anos que da dereito a percibir a pensión da xubilación, a fin de poñer fin a unha situación de penuria económica insostible por este colectivo.

**Segundo:** Demandar da Xunta de Galicia que faga as previsións orzamentarias necesarias para que esta situación non se volva a producir no futuro e que as axudas se abonen, a lo menos, con periodicidade trimestral.

**Terceiro:** Remitir o presente acordo á Consellería do Mar e ao Parlamento de Galicia.

ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS. - Non se producen.

E non habendo máis asuntos que tratar non presentándose rogo nin pregunta ningunha, polo Sr. Alcalde levántase a sesión ás dezanove horas e cincuenta e cinco minutos da que se redacta a presente acta de todo o que eu, Secretaria Xeral, dou fe.